ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES ANTÓN LOSADA
CURSO: 1º ESO
MATERIA: XEOGRAFÍA E HISTORIA
DEPARTAMENTO: XEOGRAFÍA E HISTORIA
DATA: 11-5-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Procedementos de avaliación
▪ B1.1. Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota.	▪ XHB1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta.	▪ Exercicios na páxina de *meteogalicia*: de repaso e ampliación
▪ B1.2. Identificar e distinguir os sistemas de representación cartográfica, en soporte analóxico e dixital, e as súas escalas	▪ XHB1.2.1. Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters.	▪ Exercicios de repaso e ampliación. ▪ Evolución de espazos no tempo (fotografías aéreas do IGN), observar e interpretar.
▪ B1.3. Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e os seus usos principais.	▪ XHB1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas.	
▪ B1.4. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	▪ XHB1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características.	
	▪ XHB1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	
▪ B1.9. Coñecer, comparar e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo.	▪ XHB1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa.	▪ Repaso climogramas e mapa orográfico e de precipitacións da península Ibérica. ▪ Foro *Viaxando*
▪ B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.	▪ XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.	Video paleontoloxía. Lectura de pequenos textos gregos. Historia do Partenón (video). A mitoloxía na Hª da arte.
▪ B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.	▪ XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	
	▪ XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais.	
▪ B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	▪ XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	Elaborar eixes cronolóxicos.
▪ B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	▪ Glosario: definir.
▪ B3.12. Recoñecer a importancia da descuberta da escritura.	▪ XHB3.12.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).	▪ Exercicios de identificaciòn a partir de imaxes. ▪ Caligrafías.
▪ B3.16. Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia.	▪ XHB3.16.2. Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais.	Debuxar Actividade de completar a partir de moedas de euro gregas e romanas.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Procedementos de avaliación
		Identificar países actuais que tiveron colonias gregas (en equipo, foro Mapa) Análise da evolución da escultura grega.
▪ B3.17. Entender a transcendencia do concepto de colonización.	▪ XHB3.17.1. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo.	
▪ B3.19. Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais.	▪ XHB3.19.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.	
▪ B3.20. Caracterizar os trazos principais da sociedade, a economía e a cultura romanas, e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga.	▪ XHB3.20.1. Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma.	1º Trimestre do curso 2020-21
▪ B3.22. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente.	▪ XHB3.22.1. Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana.	
	▪ XHB3.22.2. Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade.	
	▪ XHB3.22.3. Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos.	

2.	Avaliación e cualificación
Avaliación	Procedementos: Véxase apartado anterior.
	Instrumentos: Valoración das actividades propostas en Tarefas e Foros. Participación nos encontros telemáticos directos (chat e videoconferencias). Entrega do caderno de clase no IES antes do día 15 de xuño de 2020.
Cualificación final	Procedemento para obter a cualificación final de curso: Avaliación continua, nota da segunda avaliación máis un punto o alumnado que realice satisfactoriamente máis do 50% das actividades propostas (aproximadamente tres sesións semanais). A participación activa en Conversa ou en Videoconferencia equivale a un tercio das sesións.
Proba extraordinaria de setembro	Non hai casos, continuarán os reforzos no primeiro trimestre do próximo curso.
Alumnado de materia pendente	Non procede.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Un envío mínimo semanal con actividades variadas (comparar, completar, buscar, compartir, etc.) a escoller e con tempo ilimitado de realización. A partir de maio valórase a entrega periódica equivalente a tres sesións semanais. O alumnado sen conectividade ou con problemas pode realizar as tarefas no caderno e enviar foto por correo electrónico. Entre os problemas detectados destaca a precipitación nas respostas descoidando a ortografía, a redacción ou presentación (incídese na mellora). Por parte do profesor a incorporación de novos medios tamén levou a despistes ou incorreccións. <u>Recuperación e reforzos</u> Actividades sinxelas e motivadoras que permitan a máxima participación e seguimento do alumnado. Reforzo por aproximación. Na primeira avaliación realizouse con seis persoas e na segunda con dúas máis, con resultado bastante satisfactorio. Na terceira avaliación telemática a resposta está a ser variable (algún caso sen conexión). A resposta ao alumnado con estas características é na medida do posible inmediata e personalizada. <u>Ampliación</u> En canto ao temario continuouse coas Primeiras Civilizacións e a Época Clásica (fundamentalmente Grecia). Roma traballarase en 2º de ESO. A meirande parte das actividades son multidisciplinares, cun amplo abano de resposta do simple ao complexo. Realízanse en liña, ou documentos anexos en calquera formato. Durante o mes de xuño ampliaranse as actividades en equipo e grupais.

Materiais e recursos	Como principais medios e recursos para motivar ao alumnado destacaríamos por orde de introdución os seguintes: Libro dixital (Netex): lectura, vocabulario e exercicios autoavaliables. Banco de imaxes e textos. Tarefas elaboradas: + *Tetradracma* (cultura clásica e linguas) + *Que foi antes?* (cronoloxía repaso) + *Tesouro* (numismática clásica, arte e mitoloxía) Foros (E-Dixgal): + de Dúbidas *+ 3arte* (expresión artística) + *Moucho ou curuxa?* (zooloxía e mitoloxía) + *Linleolerei* (fomento da lectura). + *Mapa* (xeografía en grupo) + *Uf! E ti?* (texto libre, experiencias vividas a compartir) *+ Viaxando* (xeografías, proposto por unha alumna) A ferramenta "Conversa" unha sesión por semana. *"Mutatis mutandis"* (emoción e maior participación). Unha videoconferencia (Webex) semanal (nº de participantes moderado).

4.	Información e publicidade
Información ao alumnado e ás familias	E-dixgal, Web IES, correo electrónico, teléfono directamente ou titoría.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2º ESO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

Grao mínimo de consecución dos estándares	Estándares de aprendizaxe	Procedementos de avaliación*
Coñece algunhas características da arte románica e gótica. Utiliza vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. Utiliza fontes históricas	3.12.1Describe características da arte románica e gótica. 3.5.1Utiliza vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. 3.6.1Utiliza fontes históricas	.Exercicios do libro de texto en aula. .Lectura.-Fragmento Los pilares de la Tierra.
Recoñece cales son os continentes máis poboados. Coñece o impacto das ondas migratorias Coñece as características da poboación europea. Compara a distribución da poboación europea por países. Interpreta a pirámide de poboación de España. Analiza en algúns medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas. Coñece o proceso da emigración galega, as etapas e os destinos principais. Interpreta un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo. Sitúa no mapa a dez cidades máis poboadas. Coñece algúns elementos que diferencian o urbano e o rural en Europa. Coñece os tipos de cidades do noso continente. Interpreta sinxelos textos que expliquen as características das cidades españolas e galegas, axudándose de internet ou medios escritos.	2.1.1Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas. 2.1.2Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento 2.2.1Explica as características da poboación europea. 2.2.2Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución,evolución e dinámica 2.3.1Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas. 2.3.2Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España. 2.4.1Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais. 2.5.1Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo. 2.5.2Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica. 2.6.1Resume elementos que diferencian o urbano e o rural en Europa. 2.6.2Distingue os tipos de cidades do noso continente. 2.7.1Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándonse de internet ou medios de comunicación escrita.	Comentario e análise pirámides de poboación. .Exercicios en aula do libro de texto .Lectura.- Informes de prensa.

Coñece os parques naturais españois. Interpreta gráficos de distinto tipo Distingue as paisaxes humanizadas españolas. Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica.	2.8.1Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual de algún deles. 2.8.2Elabora gráficos de distinto tipo en soportes virtuais ou analóxicos que reflictan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas. 2.9.1Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes. 2.10.1Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividades económica	Exercicios libro texto en aula. .Lectura.- Informes de prensa. Comenta unha fotografía dunha paisaxe humanizada.
Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas. Describe as pecularidades do medio físico español e galego. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español. Describe as unidades do relevo con axuda dun mapa físico. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego. Describe as unidades do relevo con axuda dun mapa físico de Galicia. Localiza nun mapa os grandes conxuntos bioclimáticos de España. Analiza as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia.	1.1.1Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas. 1.2.1Enumera e describe as pecularidades do medio físico español e galego. 1.3.1Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español. 1.3.2Describe as unidades do relevo con axuda dun mapa físico. 1.4.1Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego. 1.4.2Describe as unidades do relevo con axuda dun mapa físico de Galicia. 1.5.1Localiza nun mapa os grandes conxuntos o espazos bioclimáticos de España. 1.5.2Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes. 1.5.3Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia. 1.6.1Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia.	Localiza nun mapa mudo unha serie de unidades de relevo tanto galego como español. Exercicios libro texto en aula. .Lectura.Textos de prensa. Traballo sobre problemas ambientais actuais en España ou Galicia.

Localiza nun mapa as paisaxes de España e Galicia. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	1.7.1Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	
Interpreta un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo. Sitúa no mapa a dez cidades máis poboadas. Coñece algúns elementos que diferencian o urbano e o rural en Europa. Coñece os tipos de cidades do noso continente. Interpreta sinxelos textos que expliquen as características das cidades españolas e galegas, axudándose de internet ou medios escritos.	2.5.1Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo. 2.5.2Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica. 2.6.1Resume elementos que diferencian o urbano e o rural en Europa. 2.6.2Distingue os tipos de cidades do noso continente. 2.7.1Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándonse de internet ou medios de comunicación escrita.	Traballo sobre os problemas do rural en Galicia na actualidade. .Exercicios libro texto en aula. .Lectura.- Textos de prensa.

1.	Avaliación e cualificación
Avaliación	Procedementos: Especificados no apartado anterior.
	Instrumentos: Nas dúas primeiras avaliacións os instrumentos eran a propia avaliación do traballo realizado na aula; os traballos individuais e en grupo; o traballo de lectura de textos históricos e as probas escritas (exames). Na 3ª Avaliación, e só para subir nota, avaliamos o traballo e a participación a través dos medios dixitais: Correo Electrónico; Clases por vídeo conferencia.
Cualificación final	A cualificación final será a media da 1º e 2º avaliación máis, de ser o caso, a suba que se produza como consecuencia do realizado na 3ª. A terceira avaliación terá un valor máximo de 1 punto. 1 pto: Ter realizadas corrrectamente o 100% das tarefas. 0.75ptos.: Ter realizado correctamente o 75% das tarefas 0.5 ptos: ter realizado correctamente o 50% das tarefas. 0.25 ptos: Ter realizado correctamente o 25% das tarefas As tarefas a avaliar son as realizadas durante todo o período de suspensión de clases presenciais.. **Para aprobar a materia suspensa na 1º e2ª Avaliación:** O alumnado coa materia suspensa na 1º e2ª Avaliación, para acadar o aprobado, ten que ter un mínimo de 5 de puntuación nas actividades realizadas desde a suspensión das clases presenciais para repasar os contidos xa avaliados nas dúas primeiras avaliacións. Cualificáranse co mesmo procedemento indicado no apartado anterior. O alumnado coa materia suspensa, ademais das tarefas comúns ao conxunto do alumnado, terá que realizar outras específicas de recuperación * O alumnado coa materia suspensa pode facer e entregar as actividades para acadar a nota mínima en calquera momento antes do 15 de xuño do 2020, avisando ao profesor.

Proba extraordinaria de setembro	En setembro realizarase unha proba, ben presencial, ben vía Webex oralmente sobre os estándares mínimos da materia correspondentes as dúas primeiras avaliacións.

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Cuestionarios sobre os contidos estudados. Exercicios do libro Análise de imaxes e documentos escritos. Definición de conceptos. Traballos sobre obras de arte. Lecturas de textos históricos Lectura de informes de prensa O alumnado recibirá semanalmente unha tarefa. Esta consistirá en actividades tanto de reforzo de estándares como de materia de avance nos contidos previstos para o terceiro trimestre.
Metodoloxía	Non hai alumnos que carezan de conectividade. Todos dispoñen de ordenador Enviarase un correo electrónico a cada alumno/a. . Neste correo explícaráselle claramente como debe facer a tarefa, onde debe buscar os materiais e recursos para facela e o plazo en que debe de entregala. Calquera dúbida atenderase por correo electrónico.
Materiais e recursos	..Libro de texto de Edixgal .Arquivos de elaboración do profesor. .Enlaces e páxinas web relacionadas coa materia.

3. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Todo o alumnado recibirá a información desta adaptación mediante un correo electrónico e tamén a través dos titores.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES ANTÓN LOSADA
CURSO: 3º DE ESO
MATERIA: XEOGRAFÍA E HISTORIA
DEPARTAMENTO: XEOGRAFÍA E HISTORIA
DATA: 11-5-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Procedementos de avaliación
▪ B1.1. Localizar e interpretar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe satélite	▪ XHB1.1.1. Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite.	Traballos comparativos con fotografía aérea de España (IGN) Manexo de google maps. Elaboración e interpretaciòn de mapas temáticos.
	▪ XHB1.1.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas.	
	▪ XHB1.1.3. Coñece e interpreta os tipos mapas temáticos	
▪ B2.1. Coñecer a organización administrativa e territorial de España.	▪ XHB2.1.1. Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.	Localización (repaso)
▪ B2.2. Analizar os datos do peso do sector terciario dun país fronte aos do sector primario e secundario, e extraer conclusións.	▪ XHB2.2.1. Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos.	Completar estudo do país escollido nas avaliacións anteriores. Comparar con España. Participación nas videoconferencias.
▪ B2.9. Analizar o impacto dos medios de transporte no seu contorno.	▪ XHB2.9.1. Traza sobre un mapamundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións.	Tema de actualidade: Lectura artigos prensa. Estudo diacrónico do turismo. Observar mediante fotografía aérea os cambios no territorio. Traballos en equipo sobre turismo e planificación con emprego de buscadores na web. Participación nos foros e tarefas da aula virtual.
▪ B2.11. Analizar o desenvolvemento do turismo e a súa importancia económica.	▪ XHB2.11.1. Identifica os tipos de turismo e os seus efectos	
	▪ XHB2.11.2. Valora a importancia do turismo na economía española e galega.	
▪ B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.	▪ XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado	Mediante fotografía aérea e textos.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Procedementos de avaliación
▪ B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.	▪ XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	Exercicios de repaso.
	▪ XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.	Exercicios das pax. 261 e 279 do libro de texto.
▪ B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	▪ XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	
	▪ XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	
▪ B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía)	▪ XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	
▪ B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	Exercicios de vocabulario.
▪ B3.6. Comprender a significación histórica da etapa do Renacemento en Europa.	▪ XHB3.6.1. Distingue modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo, etc.).	Análise de imaxes cartográficas e artísticas.
▪ B3.7. Relacionar o alcance da nova ollada dos humanistas, artistas e científicos do Renacemento con etapas anteriores e posteriores.	▪ XHB3.7.1. Identifica trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos.	Lectura de textos do Século de Ouro español e do barroco galego. Biografías: Bartolomé de las Casas O Greco Cervantes Velázquez
▪ B3.8. Coñecer a importancia da arte renacentista e barroca en Europa e en América.	▪ XHB3.8.1. Coñece obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época.	
▪ B3.9. Coñecer a importancia dalgúns autores e obras destes séculos.	▪ XHB3.9.1. Analiza obras, ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto.	Diarios: Pigafetta (repaso) De equipo voluntaria: Estudo dunha cultura indíxena lprecolombina.
▪ B3.12. Entender os procesos de conquista e colonización, e as súas consecuencias.	▪ XHB3.12.1. Explica as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización.	
	▪ XHB3.12.3. Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América.	

2.	Avaliación e cualificación
Avaliación	Procedementos: Ver apartado anterior.
	Instrumentos: Avaliación do traballo recibido e da participación.
Cualificación final	A cualificación final será a suma da acadada na 2ª Avaliación máis, de ser o caso, a suba que resulte do realizado na 3ª. Para subir nota os aprobados na 2ª Avaliación: 1 pto: Realizar o 50% das tarefas, cunha valoración media do conxunto das tarefas de ben. 2 ptos.: Ter realizado o 75% cunha cualificación superior a ben. As tarefas a avaliar son as recibidas mediante correo electrónico ou entrega de caderno no IES (antes do día 15 de xuño de 2020), e a participación activa en videoconferencias e aula virtual.
Proba extraordinaria de setembro	En setembro realizarase unha proba, ben presencial escrita, ben telemática oral, sobre os estándares mínimos da materia correspondente á 1ª e 2ª avaliacións.
Alumnado de materia pendente	Non hai casos.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<u>Metodoloxía</u> Un envío semanal con actividades variadas (comparar, completar, buscar, compartir, etc.) a escoller e con tempo ilimitado de realización. A partir de maio valórase a entrega periódica equivalente a tres sesións semanais. O alumnado sen conectividade ou con problemas pode realizar as tarefas no caderno e enviar foto por correo electrónico. Entre os problemas detectados destaca a precipitación nas respostas descoidando a ortografía, a redacción e presentación (incídese na mellora). <u>Recuperación e reforzos</u> Actividades sinxelas e motivadoras que permitan a máxima participación e seguimento do alumnado. Reforzo por aproximación. Na segunda avaliación realizouse con oito persoas con resultado bastante satisfactorio. Na terceira avaliación telemática a resposta está a ser variable (algún caso sen conexión). A resposta ao alumnado con estas características é na medida do posible inmediata e personalizada. <u>Ampliación</u> En canto ao temario continuouse a Historia do século XVI. En maio trátanse aspectos do s. XVII e do Sector Terciario (Transporte e comunicacións, estudo diacrónico). Durante o mes de xuño: Sector terciario (Turismo. Campo da saúde e da limpeza). Ampliaranse as actividades creativas en equipo e grupais (A+B) mediante a aula virtual do IES.
Materiais e recursos	Libro de texto da editorial Vicens Vives. Caderno de clase Imaxes e documentos escritos (Biblioteca Nacional etc.). Páxinas web: *Meteogalicia, IGN, Museo del Prado* etc. Videoconferencia (unha semanal).

4.	Información e publicidade
Información ao alumnado e ás familias	Web IES, correo electrónico, teléfono (directamente ou titoría).
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ
CURSO: 4º ESO
MATERIA: XEOGRAFÍA E HISTORIA
DEPARTAMENTO: XEOGRAFÍA E HISTORIA
DATA: 11-5-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

Grao mínimo de consecución dos estándares	Estándares de aprendizaxe	Procedementos e instrumentos de avaliación*
Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico.	Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.	Comentario de texto individual sobre o pensamento ilustrado no que se utillcen correctamente os conceptos históricos que aparecen ao remate desta táboa Instrumentos de valoración de respostas (probas e traballos escritos)
Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.	Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.	Comentario de texto individual de dous textos de orientación historiográfica oposta Comentario de textos: Declaración de dereitos do home e do cidadán/declaración de dereitos da muller e da cidadá Instrumentos de valoración de respostas (probas e traballos escritos)
Identificar os principais feitos do proceso de formación dos EE UU: independencia, conquista do oeste, Guerra de Secesión.	Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes.	Comentario de imaxes e mapas Exposición oral de conceptos por parte do alumnado Instrumentos de valoración de respostas (probas e traballos escritos)
Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal.	Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra.	Elaboración de cadro sinóptico comparando as características da I, da II Rev Industrial. Análise de textos e imaxes. Traballo individual sobre a unidade de avaliación de competencias históricas sobre *O traballo infantil dende a revolución industrial ata os nosos días*. Instrumentos de valoración de respostas (probas e traballos escritos)
	Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos.	
Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país.	Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España	Análise de textos e imaxes. Instrumentos de valoración de respostas (probas e traballos escritos)
Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo.	Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais.	Instrumentos de valoración de respostas (probas e traballos escritos) Análise de textos e imaxes. Análise de táboas de datos.
Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX.	Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais. Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización.	Comentario individual sobre Acta de Berlín Completar cadro sinóptico comparando mapa o reparto de África (1884/1885) e África actual Análise de textos e imaxes. Análise de táboas de datos.

Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo.	Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.	Elaboración de cadro sinóptico de causas e consecuencias da I GM Completar cadro sinóptico comparando mapa de Europa de 1919 e da actualidade Análise de textos e imaxes. Instrumentos de valoración de respostas (probas e traballos escritos). Análise de fragmentos de filmes. Postais escritas desde a I GM
Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles.	Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial.	
	Analiza o novo mapa político de Europa.	
	Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados.	
Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa.	Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.	Realizar cadro sinóptico sobre a Revolución rusa Cuestionario e actividade de cubrir ocos. Instrumentos de valoración de respostas (probas e traballos escritos)
Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época.	Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia.	Análise de textos e imaxes. Instrumentos de valoración de respostas (probas e traballos escritos). Análise de táboas de datos e gráficas cos datos económicos.
	Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008.	
	Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller.	
Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa.	Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.	Comentario de texto sobre a ideoloxía fascista Análise de textos e imaxes. Instrumentos de valoración de respostas (probas e traballos escritos). Lectura e análise de textos sobre a ideoloxía fascista e nazi.
Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil	Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas.	Elaboración dun cadro sinóptico que recolla as reformas do período republicano Elaboración dun esquema coas causas da Guerra Civil a partir de textos contrastados Análise de textos e imaxes. Instrumentos de valoración de respostas (probas e traballos escritos).
	Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.	
Coñecer as causas da II Guerra Mundial.	Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas).	Realizar un cadro sinóptico sobre as causas da II Guerra Análise de textos e imaxes. Instrumentos de valoración de respostas (probas e traballos escritos).
Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as	Sitúa nun mapa as fases do conflito.	Comparación en pequeno grupo do mapa de Europa en 1940, 1945 e o da Europa
	Dá unha interpretación de por que	

escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total.	rematou antes a guerra europea que a mundial. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.	actual Análise de textos e imaxes. Instrumentos de valoración de respostas (probas e traballos escritos).
Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.	Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial. Identifica a presenza de presos republicanos españois nos campos nazis	Redacción dun texto explicativo sobre un campo de exterminio a través da búsqueda en internet Análise de textos e imaxes. Instrumentos de valoración de respostas (probas e traballos escritos). Visualización e análise de documentais
Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS.	Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam.	Convertir en cadro sinóptico o mapa do mundo dos bloques Análise de textos e imaxes. Instrumentos de valoración de respostas (probas e traballos escritos).
Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual.	Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador. Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947).	Elaboración de liña de tempo cos principais fitos do proceso de descolonización Análise de textos e imaxes. Instrumentos de valoración de respostas (probas e traballos escritos).
Entender os avances económicos dos réximes soviéticos e os perigos do seu illamento interno, así como os avances económicos do "Welfare State" en Europa.	XHB7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa. XHB7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado.	Análise de textos e imaxes. Instrumentos de valoración de respostas (probas e traballos escritos). Anñalise de publicidade Visualización e análise de fragmentos de filmes
Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975	Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica XHB8.1.2. Comprende os proles e contras do estado do benestar.	Análise individual dos fragmentos visionados de filmes sobre o franquismo Análise de textos e imaxes. Instrumentos de valoración de respostas (probas e traballos escritos). Realización dunha enquisa sobre o franquismo entre os membro da familia ou achegados de certa idade.
Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso	Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a	Construír unha liña de tempo cos principais fitos da transición Redactar un ensaio sobre a violencia política Análise de textos e imaxes.

	reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc.	Instrumentos de valoración de respostas (probas e traballos escritos). Análise de artigos de prensa de distintas tendencias.
	Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc.	
Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.	Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico.	Completar un ensaio sobre o impacto da globalización na vida cotiá con aspectos relacionados coa tecnoloxía Análise de textos e imaxes. Instrumentos de valoración de respostas (probas e traballos escritos).
	Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI.	
Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	A longo de todo o curso. Véxase relación ao final desta táboa. Elaboración de liñas de tempo Elaboración de táboas comparativas que reflictan cada un dos mapas esixidos co mapa actual Presentación oral e escrita dos conceptos esixidos Instrumentos de valoración de respostas (exames escritos)
	Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	
Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	
Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.	

1. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Especificados no apartado anterior. Evidentemente no 3º trimestre terán maior peso aqueles a realizar a través da Aula Virtual.
	Instrumentos: Nas dúas primeiras avaliacións os instrumentos eran a propia avaliación do traballo realizado na aula; os traballos individuais e en grupo; o caderno; e as probas escritas (exames). Na 3ª Avaliación, e só para subir nota, avaliamos o traballo e a participación a través dos medios dixitais: Aula Virtual; Correo Electrónico; Clases por vídeo conferencia.
Cualificación final	A cualificación final será a suma da acadada na 2ª Avaliación máis, de ser o caso, a suba que se produza como consecuencia do realizado na 3ª. **Para subir nota os aprobados na 2ª Avaliación:** 1 pto: Ter realizadas o 75% das tarefas, cunha valoración media do conxunto das tarefas entre 5 e 7. 2 ptos.: Ter realizado o 90% das tarefas cunha nota media superior a 7. As tarefas a avaliar son as realizadas antes da Semana Santa, que o alumnado enviou a través do correo electrónico, as realizadas na Aula Virtual despois de Semana Santa, e as sondaxes e chats do Webex. As tarefas divídense en dúas categorías: 1. Tarefas de resposta rápida e curta: cuestionarios de opción múltiple ou resposta curta, actividade de cubrir ocos, xogos... Ponderan sobre 5 ptos. 2. Tarefas de análise e de resposta redactada: comentario de vídeos, fotografías; escritura de cartas; traballo de arte; enquisa franquismo... Ponderan sobre 10 ptos. A media será a suma da puntuación de todas as actividades dividida entre o número de actividades propostas. As actividades non realizadas cualificaranse con 0 ptos. **Para aprobar a materia suspensa na 2ª Avaliación:** O alumnado coa materia suspensa na 2ª Avaliación, para acadar o aprobado, ten que ter un mínimo de 5 de puntuación nas actividades realizadas desde a suspensión das clases presenciais para repasar os contidos xa avaliados nas dúas primeiras avaliacións. Cualificáranse co mesmo procedemento indicado no apartado anterior. O alumnado coa materia suspensa, ademais das tarefas comúns ao conxunto do alumnado, terá que realizar outras específicas de recuperación, divididas nas mesmas categorías especificadas arriba, e cunha puntuación mínima dun 5 nas mesmas. * O alumnado coa materia suspensa pode facer e entregar as actividades para acadar a nota mínima en calquera momento antes do 15 de xuño do 2020, avisando ao profesor.

	Realizarase un exame oral vía Webex sobre os contidos mínimos das dúas primeiras avaliacións, que será gravado. A hora e data do exame será acordada co alumnado, e no caso de non ser posible dito acordo, o profesor establecerá, de acordo co Centro, dúas horas e datas distintas para a súa realización entre o 8 e o 12 de xuño do 2020. A cualificación mínima nesta proba, para aprobar a materia, debe ser un 4. * O traballo sobre nova materia realizado na 3ª Avaliación por este alumnado terase en conta só para subir a nota, de ser o caso. * Nota final: 60% traballos; 50% exame. A nota máxima que pode acadar o alumnado coa materia suspensa na 2ª Avaliación é un 6.
Proba extraordinaria de setembro	En setembro realizarase unha proba, ben presencial, ben vía Webex oralmente sobre os estándares mínimos da materia correspondentes as dúas primeiras avaliacións.

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Cuestionarios sobre os contidos estudados. Comentario de vídeos. Tarefas de cubrir ocos, encrucillados... Construir frases unindo conceptos. Análise de imaxes e documentos escritos. Definición de conceptos. Traballos individuais sobre obras de arte. Realización e análise dunha enquisa sobre o franquismo. Concurso de obras de arte.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Antes de Semana Santa usouse o correo electrónico para propoñer actividades como as sinaladas arriba que o alumnado enviaba contestadas pola mesma vía. Despois de Semana Santa decidiuse usar a Aula Virtual como depósito do material e das tarefas. Ao mesmo tempo fixamos unha clase semanal a través de Webex. As actividades son do mesmo tipo das realizadas nas clases presenciais polo que non supoñen maior dificultade para o alumnado. Como as actividades requiren un tempo distinto para realizarse e son de diversa complexidade, procuramos que cada semana teñan unha actividade 'difícil' e outra sinxela. Non hai alumnos que carezan de conectividade.
Materiais e recursos	O materiais básicos son as Unidades didácticas proporcionadas polo profesor a principios do curso, xunto unha presentación que resume o esencial de cada tema. A isto engadímoslle o material complementario, que amplía determinados aspectos considerados esenciais e que serven de soporte ás tarefas (vídeos, textos, fotografías...). Recursos: Correo electrónico, Aula Virtual, Webex, WhatsApp.

3. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A través do Correo Electrónico, Aula Virtual, WhatsApp ou chamada telefónica. Directamente ou a través dos titores.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.